

LEMBRANZA DO CASTELAO ARTISTA E DA SUA DERRADEIRA OBRA

Por X. TRAPERO PARDO

Castelao —abonda esa sola verba pra dar noticia dun home e dunha vida— escomenzóu a aitividade artística dibuxando ilustracións e portadas de revistas. *Vida Gallega*, que dirixía o pulido Xaime Solá, deu a coñecer algúns dibuxos, que tiñan ao pé lendas con muita intención, maiormente encol dos problemas da xente galega. Xa daquela amosaba a sinxeleza dos trazos cos que facía aparcer volumes ou daba eispresión a unha cara, ou deixaba ver en só unhas liñas a sicoloxía dun rapaciño.

Entón os dibuxos de Castelao viñan a ser o impresionismo, como os de Federico Ribas —outro bó artista galego— eran o academicismo e os do vivariense Bujados un orixinal barroquismo. Tres figuras epónimas do arte na nosa terra, que o tempo axuntóu nunha mesma época.

Castelao foi un dos primeiros dibuxantes que en España empregóu a liña continúa pra faguer unha figura con todo o valor de volume e perspeutiva casi sin erguer a man. Hoxe é dado apreciar a técnica do artista —hai edicións das súas obras— tan percisa e firme que, con liñas elementáis, sabía poñer amertume ou ledicia, e, sober todo, un feitizo de tenrura; e mentras unhas veces deixaba amosar nas súas criaturas a resiñación co “fatum” que lles tocara vivir na terra nativa, outras daba testemuña da socarronería con que un cego decía cómo “vía” íl o mundo, ou cómo un labrego, debruzado por enriba do lombo da súa “Marela”, que iba vender á feira, parolaba con outro sober das contrebucións, dos cregos, dos caciques... ou de mulleres.

Pasados os anos dos primeiros dibuxos, Castelao, dono xa dunha téunica e mestre nas vivencias e voltas e revoltas dos recunchos da alma do pobo galego, botóuse a andar polo mundo. O seu lápiz ou a súa pruma aprenxían a ledicia dos gabletes góticos dos pinos novos, ou convertían en estrelas e fachas al-cendidas as polas dos vellos pinos, que deixaban ver, por entre as agullas da súa poma, a lús esmorecente do solpor.

No papel quedaba a faciana tráxica de homes que, coas con-cas dos ollos vadeiras ou con ollos abertos, nada podían ver, agás o que nos engramas da memoria iban xuntando pra soñar e ver as paisaxes interiores, muitas veces millores que as paisaxes reales. O artista deixóunos tamén, porque foi dos primeiros en apreciar o valer que no arte tíñan, a beleza prástica dos cru-ceiros galegos e a dos cruceiros bretóns, somellantes muitas ve-ces entre sí. Todo pra Castelao era como un miragre, que íl daba a coñecer do xeito millor que podía facelo: pintando ou di-buxando.

Eu sempre seguín con admiración a obra do artista, que tamén colléu por voltas o pincel pra perpetuar no lenzo algunha paisaxe galega. Ouservéi como, ao ir pasando o tempo, os trazos eran máis firmes, máis dados a curvar os contornos das feguras. Pro un día tiven que sentir a fonda emoción, tinguida de malin-conía, cando no fogar que o artista tivera en Buenos Aires, a súa dona Virxinia —que fixo da propia vida un culto ao seu Alfonso morto— me iba amosando os debuxos que ela conser-vaba. As mans tremíanlle ao apreixalos, mentras os erguía dian-te os meus ollos como si oficiara un sagrado rito. Os debuxos ao lápiz, á auga ou ao pastel eran as derradeiras amostras da laboura artística do seu home. ¡Ai, con qué devoción tiven eu na man aqueles útiles que empregara o artista cando xa os ollos iban perdendo luz!

Alí estaban os debuxos en color dos nenos da Negridá; nos seus grandes e abertos ollos casi se apreixaba a dór e a des-es-pranza da raza, pro tamén ese senso de tenreza que hai en todo neno e que poucos artistas como Castelao souperon recoller. Pro alí estaban tamén os nenos brancos, asimesmo con “ojos abier-tos como flores de lino”, como dixerá Rey Soto. Alí tiven a ledi-cia de ver unha augada, na que nenos e nenas aparecían xugan-do “á roda-roda” ao redor dunha cerdeira en fror. No conxunto dos rapaciños había un ritmo perfeuto. Sobre dos tonos amare-

los da herba collían vida os brancos das frores e os verdes das sombras dos arbres. ¡Cómo desexéi ter pra sempre connigo aquela pequena obra!

Non podía entón saber que un día —e disto fai pouco tempo— había de vela fielmente reproducida a todo color nunha carta de Nadal, espallada por toda a rexión, nunha laudábel iniciativa, polo Museo de Pontevedra.

Lémbrome tamén, polo valor sentimental que teñen, dunhos grandes debuxos ao lápiz, derradeiros traballos do artista. E lémbrome de que aos ollos de dona Virxinia acudían as bágoas ao decirme que Castelao os fixera cando xa a vista esmorecida non lle servía pra faguer debuxos pequenos. Aquiles foron feitos co lápiz do esgrevio artista e tamén cos ollos de súa dona, que tiña que ir dicíndolle até a onde debía alargar o debuxo dun brazo ou si a boca cadraba onde debía cadrar.

Tamén vín no Centro Ourensán de Buenos Aires os orixinales dos decorados que o artista de Rianzo desinou pra súa obra *Os vellos non deben de namorarse*. Eran trazos firmes de quen sabía o que quería, pro tamén sabía cómo facelo. E aínda alí mesmo puiden ver, coa mascarilla do artista, a coleución de debuxos, somellantes aos do belga Raemaekers, que nos afamados “cartoons” de propaganda aliada deixou lembranza gráfica do que nalgúns aspectos significou a primeira guerra mundial. Mais o debuxante galego excedía ao belga na perfeución do debuxo e no movemento das feaduras.

Cadra ben agora, cando a Real Academia Gallega rinde homaxe a Castelao, que se faga o estudio do que íl foi e significou como artista na nosa rexión. Pro sería tamén bón que os que entenden de arte destacaran a carga emocional práctica que hai na obra do noso artista; como íl soupo abstraer das liñas do corpo humano as que son a base da súa arquitectura física pra facelas ser a trabe en que se asenta a expresión dunha idea, que trascende a materialidade do que é somentes físico, e que dá o verdadeiro valor antropológico a iso que chamamos “representación”, que pouco ou nada representaría si non levara consigo un contido, como o que Castelao puxo sempre na súa obra.

Que, cada día que pasa, vai acadando máis intrés, porque tamén cada día se vai valorando máis.